

Número 6 - Ano 2023

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA EXCMA. CORPORACIÓN MUNICIPAL

No Salón de Sesiões da Casa do Concello, ás doce horas do día dezasete de xuño de dous mil vinte e tres, en cumprimento do establecido no artigo 195 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral e no artigo 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e para os efectos de celebrar **Sesión Constitutiva da Excma. Corporación Municipal**, reúnen os/as concelleiros e concelleiras electos/as, que foron convocados e convocadas para o efecto, DONA MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ, DONA CRISTINA SANZ ARIAS, DON ENRIQUE ROZAS LÓPEZ, DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO, DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO, DONA FLORA RUBINOS ROIS, DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN, DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ, DON AGUSTÍN GALLEGO VIGO, DONA AURORA AIDA GOAS CASTRO, DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY, DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, DON MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, DON JORGE BUSTOS ATANASIO, DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, SR. DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, SRA. DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, SR. DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, SRA. DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ e DON FELIPE RIVAS JORGE.

I. CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN

O SECRETARIO XERAL DA CORPORACIÓN, DON RAFAEL JOSÉ DEL BARRIO BERBEL: Nesta sesión pública vai procederse á constitución da nova Corporación Municipal de Lugo e á elección de alcalde ou alcaldesa do Excmo. Concello de Lugo de conformidade co establecido na Lei orgánica 5/1985 do réxime electoral xeral, e na lexislación de réxime local.

Mediante Decreto da Alcaldía do 14.06.2023 e ó abeiro do establecido na lexislación vixente en materia de réxime local, foi convocada para as doce horas do día 17 de xuño de 2023 a sesión constitutiva da nova Corporación Municipal de Lugo xurdida das Eleccións Locais celebradas o día 28 de maio de 2023.

Todos os señores concelleiros e concelleiras electos teñen presentadas as súas credenciais, acreditada a súa personalidade e xustificada a presentación das declaracións de bens e actividades para os efectos do Rexistro de Intereses dos membros da Corporación, polo que procede en primeiro lugar a formación da mesa de idade de conformidade co disposto no artigo 195 da Lei orgánica do réxime electoral xeral que establece o seguinte:

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac2294631000651548972.doc

Asunto: PLENO DE CONSTITUCIÓN DO 17-6-2023

- “1. As corporacións municipais constitúense en sesión pública o vixésimo día posterior á celebración das eleccións, salvo que se presentara recurso contencioso electoral contra a proclamación dos concelleiros electos, en cuxo suposto se constitúen o cuadraxésimo día posterior ás eleccións.*
- 2. A tal fin, constitúese unha mesa de idade integrada polos elixidos de maior e menor idade, presentes no acto, na que actuará como secretario o que o sexa da Corporación.*
- 3. A mesa comprobará as credenciais presentadas, as acreditacións da personalidade dos electos con base nas certificacións que ao Concello remitira a Xunta Electoral de Zona.*
- 4. Realizada a operación anterior, a mesa declarará constituída a Corporación se concorre a maioría absoluta dos concelleiros electos. En caso contrario, celebrarase sesión dous días despois, e quedará constituída a Corporación calquera que fora o número de concelleiros presentes.”*

A mesa de idade estará integrada polo candidato electo de maior idade, don Miguel Fernández Méndez, que actuará como presidente da mesa, e o candidato electo de menor idade, don Jorge Bustos Atanasio, que actuará como vogal da mesa, que ao estar presentes nesta sesión poden pasar a ocupar os seus postos para presidir a sesión. Actuará como secretario da mesa de idade o secretario xeral do Pleno, don Rafael del Barrio Berbel.

O PRESIDENTE DA MESA DE IDADE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Bo día a todos e todas e benvidos a este acto solemne de constitución da nova Corporación municipal e posterior elección da alcaldesa ou alcalde que vai rexer o destino do concello nos vindeiros catro anos. Dado que están presentes na sesión as persoas a quen lles corresponde formalmente, declárase constituída a mesa de idade e a continuación procederáse conforme ao que establece a Lei orgánica de réxime electoral xeral.

O SECRETARIO XERAL DO PLENO, DON RAFAEL JOSÉ DEL BARRIO BERBEL: Comprobadas as credenciais dos concelleiros e concelleiras electos presentadas con base na acta de proclamación de candidatos electos da Xunta Electoral de Zona do 5 de xuño de 2023, e recibidas pola Secretaría Xeral do Pleno as correspondentes declaracións de intereses de conformidade co artigo 75.7 da Lei de bases de réxime local, procede a toma de posesión dos cargos de concelleiro e concelleira do Excmo. Concello de Lugo tras o xuramento ou promesa do cargo.

O VOGAL, DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Para adquirir a plena posesión dos seus cargos, cada candidata ou candidato electo deberá xurar ou prometer acatamento á Constitución, conforme establece o artigo 108.8 da Lei orgánica do réxime electoral xeral e segundo a fórmula aprobada polo Real decreto 707, do 5 de abril de 1979. As señoras e señores electos poden prestar persoalmente o

xuramento ou promesa, ou ben contestar cunha simple afirmación a pregunta formulada pola mesa.

O PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: O chamamento dos candidatos e candidatas electos farao o Sr. Secretario pola orde das candidaturas, segundo o número de votos populares obtidos por cada unha delas, de maior a menor. A mesa tomará posesión ó final, facéndoo primeiro o membro de menor idade e pechará o presidente da mesa. Tras o xuramento ou promesa, a Mesa imporalle a cada concelleiro ou concelleira a Medalla da Corporación e faralle entrega da Insignia corporativa, e dito iso damos comezo a toma de posesión dos concelleiros e concelleiras.

O SECRETARIO XERAL DO PLENO: Os candidatos e candidatas electos de acordo coa acta de proclamación de candidatos electos da Xunta Electoral de Zona de Lugo do 5 de xuño de 2023 son os seguintes:

Polo Partido Popular, que obtivo 12 concelleiros:

-Dona María Elena Candia López.- Acércase ao atril e presta xuramento mediante a lectura da seguinte fórmula “Xuro cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El-Rei, e gardar e facer e gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

Tralo cal, o Presidente da Mesa imponlle a medalla da Corporación.

-Dona Cristina Sanz Arias. Acércase ao atril e presta promesa mediante a lectura da seguinte fórmula: “Prometo cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El-Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

Tralo cal, o Presidente da Mesa imponlle a medalla da Corporación.

-Don Enrique Rozas López.- Acércase ao atril e presta xuramento mediante a lectura da seguinte fórmula: “Juro cumprir fielmente las obligaciones del cargo de concejal con lealtad al Rey, y guardar y hacer guardar la Constitución como norma fundamental del Estado”.

Tralo cal, o Presidente da Mesa imponlle a medalla da Corporación.

-Don Antonio Ameijide Osorio.- Acércase ao atril e presta xuramento mediante a lectura da seguinte fórmula: “Juro cumplir fielmente las obligaciones del cargo de concejal con lealtad al Rey, y guardar y hacer guardar la Constitución como norma fundamental del Estado”.

Tralo cal, o Presidente da Mesa imponlle a medalla da Corporación.

-Don Javier Vázquez Prado.- Acércase ao atril e presta xuramento mediante a lectura da seguinte fórmula: “Juro cumplir fielmente las obligaciones del

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2294631000651548972.doc

Asunto: PLENO DE CONSTITUCIÓN DO 17-6-2023

cargo de concejal con lealtad al Rey, y guardar y hacer guardar la Constitución como norma fundamental del Estado”.

Tralo cal, o Presidente da Mesa imponlle a medalla da Corporación.

-Dona Flora Rubinos Rois.- Acércase ao atril e presta xuramento mediante a lectura da seguinte fórmula: “Juro cumprir fielmente las obligaciones del cargo de concejala con lealtad al Rey, y guardar y hacer guardar la Constitución como norma fundamental del Estado”.

Tralo cal, o Presidente da Mesa imponlle a medalla da Corporación.

-Dona Silvia Colmenero Guzmán.- Acércase ao atril e presta xuramento mediante a lectura da seguinte fórmula: “Juro cumprir fielmente las obligaciones del cargo de concejala con lealtad al Rey, y guardar y hacer guardar la Constitución como norma fundamental del Estado”.

Tralo cal, o Presidente da Mesa imponlle a medalla da Corporación.

-Don Ramon Manuel Cabarcos Rodríguez.- Acércase ao atril e presta xuramento mediante a lectura da seguinte fórmula: “Xuro cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El-Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

Tralo cal, o Presidente da Mesa imponlle a medalla da Corporación.

-Don Agustín Gallego Vigo.- Acércase ao atril e presta promesa mediante a lectura da seguinte fórmula: “Prometo cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El-Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

Tralo cal, o Presidente da Mesa imponlle a medalla da Corporación.

-Dona Aurora Aida Goas Castro.- Acércase ao atril e presta xuramento mediante a lectura da seguinte fórmula: “Xuro cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El-Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

Tralo cal, o Presidente da Mesa imponlle a medalla da Corporación.

-Don Gustavo Enrique Díaz Rey.- Acércase ao atril e presta xuramento mediante a lectura da seguinte fórmula: “Juro cumprir fielmente las obligaciones del cargo de concejal con lealtad al Rey, y guardar y hacer guardar la Constitución como norma fundamental del Estado”.

Tralo cal, o Presidente da Mesa imponlle a medalla da Corporación.

-Dona María del Mar Carballas Piñeiro.- Acércase ao atril e presta xuramento mediante a lectura da seguinte fórmula: “Juro cumprir fielmente las obligaciones del cargo de concejala con lealtad al Rey, y guardar y hacer guardar la Constitución como norma fundamental del Estado”.

Tralo cal, o Presidente da Mesa imponlle a medalla da Corporación.

Polo Partido Socialista de Galicia-PSOE, que obtivo 8 concelleiros:

-Dona Lara Méndez López.- Acércase ao atril e presta promesa mediante a lectura da seguinte fórmula: “Prometo cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El-Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

Tralo cal, o Presidente da Mesa imponse a medalla da Corporación.

-Dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.- Acércase ao atril e presta promesa mediante a lectura da seguinte fórmula: “Prometo cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El-Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

Tralo cal, o Presidente da Mesa imponse a medalla da Corporación.

-Don Mauricio Vitorio Repetto Morbán.- Acércase ao atril e presta promesa mediante a lectura da seguinte fórmula “Prometo cumprir fielmente las obligaciones del cargo de concejal con lealtad al Rey, y guardar y hacer guardar la Constitución como norma fundamental del Estado”.

Tralo cal, o Presidente da Mesa imponse a medalla da Corporación.

-Dona Ana María González Abelleira.- Acércase ao atril e presta promesa mediante a lectura da seguinte fórmula: “Prometo cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El-Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

Tralo cal, o Presidente da Mesa imponse a medalla da Corporación.

-Dona Olga López Racamonde.- Acércase ao atril e presta promesa mediante a lectura da seguinte fórmula: “Prometo cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El-Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

Tralo cal, o Presidente da Mesa imponse a medalla da Corporación.

-Don Ángel Pablo Permuy Villanueva.- Acércase ao atril e presta promesa mediante a lectura da seguinte fórmula: “Prometo cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El-Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

Tralo cal, o Presidente da Mesa imponse a medalla da Corporación.

Polo Partido BNG, que obtivo 5 concelleiros:

O PRESIDENTE DA MESA formúlalles a todos e cada un a seguinte pregunta: **“Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro / concelleira con lealdade a El-Rei e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado?”**

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2294631000651548972.doc

Asunto: PLENO DE CONSTITUCIÓN DO 17-6-2023

-Don Rubén Arroxó Fernández.- Acércase ao atril e contesta: “Prometo por imperativo legal e comprométome a defender os intereses xerais da veciñanza de Lugo e os dereitos nacionais lexítimos do pobo galego.”

Tralo cal, o Presidente da Mesa imponse a medalla da Corporación.

-Dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.- Acércase ao atril e contesta: “Prometo por imperativo legal e comprométome a defender os intereses xerais da veciñanza de Lugo e do pobo galego.”

Tralo cal, o Presidente da Mesa imponse a medalla da Corporación.

-Don Alexandre Penas Roibás.- Acércase ao atril e contesta: “Prometo por imperativo legal e comprométome a defender os intereses xerais da veciñanza de Lugo e os dereitos nacionais do pobo galego.”

Tralo cal, o Presidente da Mesa imponse a medalla da Corporación.

-Dona María Cristina López Fernández.- Acércase ao atril e contesta: “Si prometo por imperativo legal e comprométome a defender os dereitos e intereses xerais das veciñas e veciños de Lugo e do pobo galego”.

Tralo cal, o Presidente da Mesa imponse a medalla da Corporación.

-Don Felipe Rivas Jorge.- Acércase ao atril e contesta: “Prometo por imperativo legal e comprométome a defender os dereitos e intereses xerais da veciñanza de Lugo e do pobo galego”.

Tralo cal, o Presidente da Mesa imponse a medalla da Corporación.

O SECRETARIO XERAL DO PLENO: os membros da mesa da idade:

-Don Jorge Bustos Atanasio, polo Partido Socialista de Galicia-PSOE.- Acércase ao atril e presta promesa mediante a lectura da seguinte fórmula: “Prometo cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El-Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

Tralo cal, o Presidente da Mesa imponse a medalla da Corporación

- Don Miguel Fernández Méndez, polo Partido Socialista de Galicia-PSOE.- Acércase ao atril e presta promesa mediante a lectura da seguinte fórmula: “Prometo cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El-Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

Tralo cal, o Vogal da Mesa imponse a medalla da Corporación.

Tras o xuramento ou promesa prestado persoalmente por cada un dos concelleiros e concelleiras electas, O PRESIDENTE DA MESA DE IDADE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, sinala:

Cumprido o disposto na Lei orgánica do réxime electoral xeral e no Real Decreto 707, do 5 de abril de 1979, **esta Mesa declara constituída a Excm. Corporación municipal de Lugo xurdida das eleccións locais do 28 de maio de 2023.**

(Aplausos)

Constituída a Corporación, O SECRETARIO XERAL DO PLENO dálle conta á nova Corporación do arqueo extraordinario realizado o 15 de xuño de 2023 e do informe da Sección de Patrimonio do 7 de xuño de 2023 sobre o inventario de bens en cumprimento do establecido no artigo 86 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e no artigo 56 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, cuxos datos están dispoñibles para os señores concelleiros e concelleiras e que se incorporaran como anexos á acta da sesión constitutiva.

2. ELECCIÓN DE ALCALDE/SA

O PRESIDENTE DA MESA DE IDADE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Vai procederse a continuación á elección de alcalde ou alcaldesa do Excmo. Concello de Lugo conforme ao procedemento previsto no artigo 196 da Lei orgánica do réxime electoral xeral ao que dará lectura o Sr. secretario.

O SECRETARIO XERAL DO PLENO: O artigo 196 da Lei orgánica do réxime electoral xeral establece o seguinte procedemento para a elección de alcalde ou alcaldesa:

"Na mesma sesión de constitución da Corporación procédese á elección de Alcalde, de acordo co seguinte procedemento:

- a) Poden ser candidatos todos os concelleiros que encabecen as súas correspondentes listas.*
- b) Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos concelleiros é proclamado electo.*
- c) Se ningún deles obtén a devandita maioría é proclamado alcalde o concelleiro que encabece a lista que obtivera maior número de votos populares no correspondente municipio. En caso de empate resolverase por sorteo."*

O VOGAL DA MESA DE IDADE, DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Poderán presentar candidaturas á Alcaldía aqueles concelleiros e concelleiras electos que encabecen algunha lista, que deberán responder si ou non ao ser nomeados:

- Dona María Elena Candia López, polo Partido Popular: SI
- Dona Lara Méndez López, polo Partido socialista de Galicia, PSOE: SI

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac2294631000651548972.doc

Asunto: PLENO DE CONSTITUCIÓN DO 17-6-2023

- Don Rubén Arroxo Fernández, polo partido BNG: NON

O SECRETARIO XERAL DO PLENO: Os candidatos e candidatas proclamados á elección de alcalde ou alcaldesa son os seguintes:

- Dona María Elena Candia López, polo Partido Popular
- Dona Lara Méndez López, polo Partido Socialista de Galicia-PSOE

O PRESIDENTE DA MESA DE IDADE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Procédese a continuación á votación das candidaturas presentadas a alcaldesa do Excmo. Concello de Lugo polo sistema de votación secreta conforme establece o Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo. Para tal efecto, cada un de vostedes ten á súa disposición un sobre e unha papeleta en branco para que consignen nela, se é o caso, o nome e apelidos do candidato ou candidata ao que lle outorgan o seu voto cando sexan chamados polo Sr. Secretario, debendo depositar o voto na urna habilitada ao efecto.

A continuación procédese ao recuento dos votos segundo o seguinte procedemento: o vogal da mesa saca da urna os sobres e o Sr. presidente le as papeletas unha a unha en voz alta.

O PRESIDENTE DA MESA DE IDADE, DON MIGUEL FERNANDEZ MÉNDEZ: Os resultados da votación son os seguintes:

- Candidatura de dona María Elena Candia López, polo Partido Popular: 12 votos.**
- Candidatura de dona Lara Méndez López, polo Partido Socialista de Galicia-PSOE: 13 votos.**

O PRESIDENTE DA MESA DE IDADE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: tras obter a candidatura presentada por dona Lara Méndez López polo Partido Socialista de Galicia-PSOE 13 votos, o que supón a maioría absoluta do número legal de membros da corporación, queda proclamada alcaldesa presidenta do Excmo. Concello de Lugo DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ.

(Aplausos...)

O VOGAL DA MESA DE IDADE, DON JORGE BUSTOS ATANASIO: A alcaldesa presidenta electa debe prometer ou xurar o cargo para o que foi elixida segundo esixe o artigo 40.2 do regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais:

“Quen resulte proclamado alcalde tomará posesión ante o Pleno da Corporación, de acordo coa forma xeral establecida para a toma de posesión dos cargos públicos”

A alcaldesa presidenta acércase ao atril e presta promesa segundo a seguinte fórmula: *“Prometo cumprir fielmente as obrigas do cargo de alcaldesa con lealdade a El-Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.”*

O PRESIDENTE DA MESA DE IDADE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: De acordo co disposto na Lei dámoslle posesión do cargo de alcaldesa presidenta do Excmo. Concello de Lugo facéndolle entrega da Medalla institucional da Corporación e do bastón de mando.

(Aplausos)

Os membros da mesa de idade cesan nas súas funcións e abandonan a mesa de Presidencia, ocupando o lugar que teña asignado a súa formación política á que pertencen, pasando a presidir a sesión a Sra. Alcaldesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ.

A continuación a **Sra. ALCALDESA PRESIDENTA** fai uso da palabra manifestando:

Bos días a todos e a todas.

Estimados concelleiras e concelleiros, compañeiros de Corporación, representantes institucionais, parlamentarios, deputados e senadores. Estimados representantes sociais e da cidadanía lucense. Familiares, amigos. Veciños e veciñas.

Esta é a terceira vez que me presento ante todos vós, ante os cidadáns de Lugo, asumindo un dos retos máis apaixonantes da miña vida, ser a Alcaldesa da cidade que elixín para asentar, desenvolver e compartir o meu proxecto de vida, o municipio no que decidín que quería ver medrar o que máis quero, a miña filla.

E é por ela, e por todas as novas xeracións que representan o noso presente e o noso futuro, polo que o meu compromiso por mellorar a calidade de vida das e dos lucenses se renova cada día desde xa hai oito anos.

E con eses ánimos, co mesmo orgullo e ilusión, emocionada e aínda con maior carga de responsabilidade, selo unha nova alianza de traballo e afecto coa veciñanza de Lugo para os vindeiros catro anos.

Quero agradecer profundamente a confianza depositada en min, unha vez máis, para continuar liderando un gran proxecto progresista e transformador que nos enriqueza como cidade e que nos permita, porque é a nosa responsabilidade, deixar un municipio máis coidado, comfortable e saudable, pero tamén con máis músculo social e económico, á vangarda de políticas pioneiras, satisfeito do seu e con capacidade de xerar oportunidades laborais e persoais para reter e atraer á mocidade, sen perder de vista aos colectivos que necesitan de máis atencións, os máis pequenos, os maiores e as persoas máis vulnerables.

Neste senso, lin hai tempo unha reflexión moi apropiada sobre o devir das cidades do antropólogo e xeógrafo David Harvey, na que afirmaba que o tipo de urbe na que queremos vivir está ligado ao modelo de persoas que queremos ser, ao tipo de

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2294631000651548972.doc

Asunto: PLENO DE CONSTITUCIÓN DO 17-6-2023

vínculos sociais que buscamos, ás relacións coa natureza que mantemos, ao estilo de vida que desexamos e aos valores estéticos e éticos que defendemos.

A contestación a estas preguntas deseñan a nosa estratexia de cidade, o patrón que estamos a conformar desde este Goberno de boas persoas do que me gusta falar e polo que volveron a apostar as e os lucenses tras 24 anos de políticas de progreso, un Goberno que actuou a actuará constantemente desde a lealdade para atopar solucións e para executalas, lealdade incluso cando erramos porque alí onde a resposta é negativa, seguimos avanzando buscando alternativas.

Hoxe é o día no que constituímos unha nova Corporación, na que todos e cada un dos e das concelleiras que a conformamos nos situamos no lugar onde a cidadanía -plural e diversa- quixo co seu voto, nunhas eleccións libres e democráticas e nun estado de dereito que se configura coas maiorías e as alianzas que mellor nos representan como cidadáns.

Este é sempre o primeiro acto de escoita activa que debemos exercitar e asumir como políticos, porque só así cumpriremos cada un de nós, o mellor posible, con serenidade, rigor e honestidade, os cometidos que nos acaban de encomendar.

Nesta confianza que depositan en nós, creo que é importante que, como Goberno, non esquezamos nunca que somos servidores públicos temporais.

Por iso, sempre lembro ao equipo que me acompaña nas distintas áreas do Concello que pondere previamente se cada pequena obra que desenvolvemos, así como cada gran proxecto e estratexia que planificamos e cada programa que activamos contribuirá a aportar solucións ás necesidades da poboación, a crear contornas máis xustas e igualitarias e menos hostís onde desexemos vivir, facilitándonos unha convivencia máis amable coa nosa xente e coa mesma cidade, pero ao mesmo tempo, que valore se esa toma de decisións se encamiñará a deixar un legado que nos fortaleza no tempo, impulsando todo o noso potencial para crecer como referentes e que nos sitúe na modernidade de Galicia.

Esa mesma reflexión, e incluso a valentía para proxectar o Lugo actual, así como o da futura década, é a que me gustaría que a oposición exercitase neste novo mandato, coas súas propostas para mellorar o municipio e as súas críticas a xestión, sempre necesarias no seu labor de control, pero actuando sempre con boas praxis, interese polo entendemento e aplicando a lealdade e o amor obrigado pola cidade.

E nese escenario, se existe unha vontade construtiva real, seguro que poderemos atopar puntos de encontro. A miña man está tendida, porque as e os lucenses merecen máis que nunca que amosemos unha actitude colaboradora tras catro anos especialmente difíciles, onde a pandemia trastocou e segue a trastocar todas as nosas vidas, provocando unha grave crise sanitaria, social e económica, que veu despois a empeorar polas consecuencias inflacionistas da guerra de Ucraína.

Teño aínda na retina a paisaxe dun Lugo baleiro e silencioso, nunca visto, angustioso, durante os días interminables nos que me dirixía cara ao Concello desde a miña casa. Silencio só roto polos aplausos da poboación desde as fiestras e os balcóns nun acto de solidariedade e recoñecemento a quen máis nos coidou neses meses, pero tamén nunha cerimonia case de resistencia colectiva fronte á resignación.

Desde entón, aprendín a valorar máis aínda a proximidade cos veciños e veciñas; o tempo que paso con eles cando as súas necesidades son as protagonistas das nosas conversas; os momentos de percorridos pola cidade e a zona rural na súa compañía; as festas nos barrios e parroquias ou as charlas cos máis pequenos, que me recoñecen e paran polas rúas, chamándome polo meu nome e ofrecéndome sempre un sorriso porque me identifican como unha veciña máis, pero máis coñecida.

Esa necesidade de empatía, esa pel con pel que se acentuou tras o tempo de clausura nos nosos propios fogares é a parte máis positiva deses anos complexos de adaptación da veciñanza e da mesma actuación municipal, onde afrontamos con afouteza e valor as incertezas que propiciaron a situación sen perder o ánimo e aprendendo a convivir co inesperado cunha dignidade e responsabilidade da que todas e cada un de nós debemos sentirnos realmente orgullosos.

Atender o urxente e o importante, xestionar as estratexias en marcha e proxectar o Lugo dos próximos dez anos – cuxas claves están recollidas na Axenda Urbana 2030 e que se foron conformando cos distintos colectivos sociais nos procesos participativos-, foron os nosos obxectivos neste mandato.

Transformacións que aceleremos por mor precisamente da pandemia e que nos posibilitou, aproveitando as novas oportunidades financeiras chegadas de Europa, acadar novos fondos para continuar coa planificación marcada hai xa oito anos, caracterizada por unha nova mirada de facer cidade, máis naturalizada e resiliente, con novos pulmóns verdes recuperados, para avanzar na necesaria transición ecolóxica, transición mellor comprendida tras a crise sanitaria, onde aprendemos a poñer en valor os espazos públicos que conquistamos e tras observar as consecuencias do cambio climático, que tamén en Lugo se están a notar.

Así, afondamos na construción dun Lugo sostible e máis accesible, que achega a súa grande área para frear a emerxencia climática global, incidindo nas accións para acadar unha mobilidade neutra en carbono, onde as persoas sexamos as protagonistas fronte os vehículos, con novas construcións de madeira, menos contaminantes e de maior eficiencia enerxética, e cunha maior integración urbanística e social, xa que a revitalización de zonas agora degradadas axudará a conseguir un maior equilibrio entre a área urbana e a rural, entre os barrios e as parroquias, e unha maior xustiza social.

Durante o pasado mandato, demos novos pulos a medidas para impulsar a conciliación da vida familiar e laboral, para atender as persoas que sofren un dos maiores males que afrontamos, o da soidade non desexada, especialmente a xente maior, e tamén para o desenvolvemento persoal mediante a actividade deportiva, social ou cultural e a loita contra novas formas de desequilibrio.

E se unha lección aprendemos das consecuencias da pandemia é que, se ben evidenciou as nosas enormes fortalezas, tamén deixou ao descuberto debilidades e feblezas como as da nosa economía local, baseada en gran parte no sector servizos, polo que se fixo imperioso asentar os piares da nosa reindustrialización mobilizando o maior investimento municipal da historia para activar ferramentas, xa en marcha, que nos axudarán a crear nestes vindeiros catro anos 4.000 postos de emprego de calidade, mil deles directos, en sectores tecnolóxicos e de innovación

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2294631000651548972.doc

Asunto: PLENO DE CONSTITUCIÓN DO 17-6-2023

con alto impacto social e ambiental. Sen esquecer a oportunidade que se nos abre co primeiro Plan de Turismo Sostible, que debe permitirnos gañar en visitantes sen caer na “gentrificación” que ameaza a outros destinos.

Falamos, pois, dunha dinamización económica do municipio, e tamén como motor tractor da provincia, acorde, como non podería ser doutra maneira, co noso modelo de cidade.

Nos vindeiros catro anos daremos continuidade a estas estratexias e afrontaremos o gran reto de darlle o impulso definitivo a nosa proxección exterior, que comeza xa a visualizarse en Galicia e fóra da nosa comunidade cunha narrativa que, xunto ao noso pasado, a nosa historia e o noso patrimonio romano castrexo, e tamén natural e paisaxístico, inclúa a nosa capacidade de desenvolvemento de proxectos á vangarda das transformacións urbanas e do tecido produtivo.

É recoñecido no resto do país e en Europa o papel que estamos a xogar no deseño das cidades sostibles, e esa transcendencia debe actuar como un revulsivo do orgullo lucense, pero tamén de captación de investimentos que ven nesta cidade de tamaño medio un emprazamento atractivo para asentarse.

Os nosos obxectivos son claros e coñecidos pola cidadanía, ambiciosos, si, porque Lugo pode aspirar e soñar e vivir un presente e un futuro onde todas as persoas teñan cabida, sen importar o seu lugar de procedencia, o seu sexo, a súa idade ou a súa identidade, porque traballa incansablemente para ser o lugar de acollida agarimoso, respectuoso, solidario e de oportunidades que nos identifica claramente, como ben lembra esa frase que di que “cando un se vai de Lugo, vaise sempre chorando”.

Todo este labor, esa Segunda Transformación, está xa en marcha.

E a cidadanía falou, e lanzou a mensaxe de que non quere que se pare. Froito deste mandato popular acabamos de establecer un novo acordo marco para o goberno de coalición cos nosos socios nacionalistas, un novo contrato coa veciñanza que retomamos con diálogo e xenerosidade en aras de acadar unha acción governamental estable e cunha folla de ruta común, conscientes de que os intereses dos e das lucenses sempre serán para nós prioritarios ante as cuestións partidistas.

Neste pacto plásmase o noso compromiso como Goberno e o meu propio compromiso como Alcadesa elixida para liderar o proxecto de cidade, e pido ao resto de representantes públicos desta Corporación que actúen coa mesma fidelidade porque só así dignificaremos a acción política en maiúscula.

Non debemos, non obstante, camiñar sos.

Necesitamos da cooperación do resto de Administracións, pensando nos intereses compartidos, porque son moitas as débedas históricas desta cidade que eu seguirei reclamando incansablemente porque non nos resignaremos a unha Galicia que avance a dúas velocidades.

Non renunciaremos ás infraestruturas, férreas e por estrada, que nos posibilitarán ser competitivos fronte ás outras capitais; nin dimitiremos do noso compromiso para reclamarlle á Xunta de Galicia o Museo da Romanización no cuartel de San Fernando, que nos situará no lugar referente que nos merecemos como a urbe máis antiga de Galicia.

Vivendas sociais, a zona pública de baño, as rondas pendentes coas que estruturar mellor o crecemento da cidade, melloras na sanidade e na educación... En todas e cada unha destas reivindicacións verán a Lara Méndez ao fronte, e insto a toda a Corporación que se poña ao meu lado, ao lado das e dos lucenses, para esixilas sen ter en conta a cor política da administración que lle nega a Lugo alternativas de crecemento.

Necesitamos institucións que estean a altura.

Comprométome, ademais, a ser esixentes na nosa labor diaria, ao igual que lle pido aos traballadores e traballadoras municipais que dean o mellor de si mesmos na súa función de servidores públicos, atendendo as prioridades e necesidades da veciñanza.

Por último, gustaríame despedirme cunhas reflexións máis persoais:

Co agradecemento a miña familia, que sempre estivo ao meu lado, nos momentos bos e non tan bos dándome forzas e alentos para poder seguir e dedicarlle todo o tempo que necesita esta Alcaldía, que necesita este Concello e detrimento do seu tempo e sendo tremendamente xenerosos dándome ese tempo para dedicarllo á cidade de Lugo; coa lembranza dos compañeiros de Goberno que me acompañaron no mandato que acaba de terminar, e co recoñecemento ao labor daqueles concelleiros e concelleiras que traballaron desde a oposición con ánimo construtivo, que non silenciado, e que amosaron lealdade coa cidade.

Quédame dar a benvinda ao meu novo equipo, un equipo de servidores públicos disposto a escoitar todas as voces e a tentar atender todas as lexítimas demandas que nos sexan expostas.

Benvinda tamén ao resto da Corporación que senta neste salón de plenos por primeira vez, na casa de todas e todos os lucenses, que nunca esquezamos que a elas e a eles nos debemos. Non os decepcionemos.

Por Lugo, e para Lugo.

Moitas grazas.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excm. Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión, ás trece horas do expresado día dezasete de xuño de dous mil vinte e tres, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, se transcribe a este Libro de Actas, sendo asinada comigo neste acto pola Excm. Sra. alcaldesa, de todo o cal, como secretario xeral do Pleno, dou fe.

Asinado dixitalmente pola alcaldesa presidenta, dona Lara Méndez López, e polo secretario xeral do Pleno, don Rafael José del Barrio Berbel.

ANEXOS

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac2294631000651548972.doc

Asunto: PLENO DE CONSTITUCIÓN DO 17-6-2023

A) "ACTA DE ARQUEO EXTRAORDINARIA CON MOTIVO DA CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE LUGO O DÍA 17 DE XUÑO DE 2023.

De acordo co disposto no artigo 36.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, que establece que «Os *Secretarios e Interventores tomarán as medidas precisas para que o día da constitución das novas Corporacións Locais se efectúe un arqueo e estean preparados e actualizados os xustificantes das existencias en metálico ou valores propios da Corporación, depositados na Caixa Municipal ou entidades bancarias, así como a documentación relativa ao inventario do patrimonio da Corporación e dos seus Organismos autónomos*», formúlase a presente acta de arqueo extraordinario:

As existencias en metálico ou valores propios da Corporación, depositados na Caixa Municipal e nas entidades bancarias da Corporación do Concello de Lugo son as que se detallan a continuación.

O resumo do Arqueo efectuado, pechado ás 00.00 horas do día 15/06/2023 respecto ás existencias en entidades financeiras é o seguinte:

1.- Existencias:

En Entidades Financeiras	18.586.520,96 €
Total	18.586.520,96 €

Non constan existencias en caixas de efectivo por canto as mesmas foron pechadas a medio de decreto 19010187 do 02/12/2019 asinado pola Ilma. Sra. Dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos.

RESUMO POR TIPO DE CONTA

ANTICIPOS DE CAIXA FIXA	51.523,07 €
OPERATIVAS	7.792.146,40 €
RESTRINXIDAS	10.742.851,49 €
TOTAL	18.586.520,96 €

RESUMO POR ENTIDADE

ABANCA	11.335.645,59 €
BBVA	389.734,35 €
BANCO SABADELL	304.832,12 €
BANCO SANTANDER	394.927,61 €
CAIXABANK	4.318.931,79 €
CAIXA RURAL GALEGA	1.842.449,50 €
TOTAL	18.586.520,96 €

Únense a esta Acta o Estado de situación de existencias en Tesourería obtido da Contabilidade Municipal, os certificados bancarios obtidos sobre as existencias nas Entidades Financeiras.

Adxuntarase cando resulte posible estado de conciliación de saldos bancarios coa contabilidade.

Os pagos suspéndense despois do día 14/06/2023 co fin de que non se produzan cargos bancarios posteriores á data de arqueo.

Poden producirse ingresos ao longo do día 16/06/2023 dada a posibilidade de que se realicen cobros por medios telemáticos e a que non resulta posible suspender os mesmos sen prexudicar aos contribuíntes. A estes efectos incorporaranse certificados a data 16/06/2023 con posterioridade.

2.- Existencias Evislusa:

En Entidades Financeiras	20.786,37 €
Total	20.786,37 €

3.- Valores depositados na Caixa Municipal: 18.794.628,39 €

Únese a esta Acta a listaxe extraída da Contabilidade detallada dos valores depositados na Caixa Municipal nos conceptos alí contemplados.”

B) INFORME DA SECCIÓN DE PATRIMONIO DO 7 DE XUÑO DE 2023 SOBRE O INVENTARIO DE BENS

“ASUNTO: DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DA RECTIFICACIÓN DO ÚLTIMO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS, E DO INVENTARIO DO PATRIMONIO MUNICIPAL DO SOLO, CON MOTIVO DA TOMA DE POSESIÓN DA NOVA CORPORACIÓN.

Mediante **DECRETO NÚMERO 19003657 DO 30/04/2019**, asinado por dona Ana Prieto Nieto, Tenenta de Alcalde delegada da Área de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico, aprobouse a **RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS, ASÍ COMO DO INVENTARIO DO PATRIMONIO MUNICIPAL DO SOLO, A DATA 31 DE DECEMBRO DE 2018**, recolléndose na súa parte dispositiva o resumo de ditos documentos, sendo os mesmos o seguinte:

“RESUMO DO INVENTARIO MUNICIPAIS DE BENS E DEREITOS A DATA 31-12-2018

1.- INMOBLES		662.749.540,81
a) Inmobles		326.157.105,06
2100	Solares sen edificar	133.791.022,29

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac2294631000651548972.doc

Asunto: PLENO DE CONSTITUCIÓN DO 17-6-2023

2101	Fincas rústicas	44.244.585,83
2110	Industriais	2.243.406,07
2111	Administrativos	9.540.104,96
2112	Comerciais	7.179.418,05
2113	Outras construcións	129.158.567,86
b) Viais e Parques		300.117.704,97
212	Infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	280.625.383,57
	Parques	28.487.424,10
	Viais	249.618.376,59
	Papeleiras, contedores e xogos	2.519.582,88
2129	Outras infraestruturas destinadas ao uso xeral	19.492.321,40
c) Infraestruturas complexas		36.474.730,78
215	Instalacións técnicas	35.851.910,57
2159	Outras instalacións técnicas	622.820,21
2.- DEREITOS REAIS		0
3.- MOBLES DE CARÁCTER HISTÓRICO-ARTÍSTICO OU DE CONSIDERABLE VALOR ECONÓMICO		181.181,00
216	Mobiliario	181.181,00
4.- VALORES MOBILIARIOS		23.943,84
2501	Participacións a longo prazo en sociedades mercantís	23.919,80
2520	Valores representativos de débeda a longo prazo	24,04
5.- VEHÍCULOS		5.201.782,18
218	Elementos de transporte	5.201.782,18
6.- SEMOVENTES		9.712,16
2192	Outro inmovilizado material (semoventes)	9.712,16
7.- MOBLES NON COMPRENDIDOS EN APARTADOS ANTERIORES		17.699.573,56
214	Maquinaria e ferramentas	3.586.555,28
2149	Outra maquinaria e ferramentas	248.929,10

216	Mobiliario	8.666.508,28
2169	Outro mobiliario	162.574,53
217	Equipos para procesos de información	1.817.294,72
2179	Outros equipos para procesos de información	14.876,29
209	Outro inmovilizado intanxible e aplicacións informáticas	2.680.907,35
2190	Outro inmovilizado material	137.818,44
219	Outro inmovilizado material (vehículos)	384.109,57
8.- BENS E DEREITOS REVERTIBLES		54.421.807,48
108	Patrimonio entregado en cesión	50.689.923,99
21130	Concesións administrativas	3.731.883,49
TOTAL INVENTARIO		740.287.541,03

RESUMO DO PATRIMONIO MUNICIPAL DO SOLO A DATA 31-12-2018

240	Terreos	30.606.342,52
241	Construcións	0
242	Aproveitamentos urbanísticos	0
249	Outros bens e dereitos do Patrimonio Municipal do Solo	0
TOTAL PATRIMONIO MUNICIPAL DO SOLO		30.606.342,52

Cabe sinalar que por parte da Xunta de Goberno Local, na súa sesión do día 14 de xullo de 2021 se adoptou o acordo 2/446 CONTRATACIÓN DUNHA PLATAFORMA PARA A XESTIÓN INTEGRAL DO PATRIMONIO MUNICIPAL E DO SEU INVENTARIO QUE PERMITA A INTEGRACIÓN CON FERRAMENTAS DE SISTEMA DE INFORMACIÓN XEOGRÁFICA (XIS), A TRAVÉS DA ESTRATEXIA DUSI DENOMINADA "DA MURALLA AO MIÑO-MURAMIÑAE" COA COFINANCIACIÓN DO 80% DA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXPTE. REF. 2021/C003/000025, asinándose o día 1 de abril de 2022, contrato administrativo entre este Concello e maila empresa CENTRO DE

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Ref#: ispac2294631000651548972.doc

Asunto: PLENO DE CONSTITUCIÓN DO 17-6-2023

OBSERVACION Y TELEDETECCION ESPACIAL S.A., traballos que se están a realizar na actualidade, con próxima data de finalización.”